

Acta de concesión a Pilar Pallarés da XXV edición da Homenaxe “A Escritora na súa Terra – Letra E”

O sábado 9 de febreiro de 2019 reúnese ás 11.00 horas, no Museo do Pobo Galego, a Asemblea Ordinaria Anual de Socios e Socias da AELG para acordar, entre outros puntos da orde do día, o nome da escritora ou escritor que sería homenaxeado este ano 2019 na súa terra, no marco dunha iniciativa de irmandade literaria anual e vertebradora que, ao longo dos últimos vinte e catro anos, se ten instituído na traxectoria do noso colectivo como unha alternativa complementaria á celebración do Día das Letras Galegas, isto é, unha actividade vivida en comunidade, que nace da vontade de premiar autorías e obras vivas, socialmente activas a participativas co sistema literario actual, e que, ao tempo, persegue o recoñecemento e a posta en valor dunha figura clave do noso presente literario, nunha xornada en que o contacto directo, humano e profesional se converta no principal cómplice protagonista.

A Asemblea de Socios e Socias da AELG aprobou nesta xornada, por unanimidade, concederlle esta XXV Edición da Homenaxe “A escritora na súa terra” a Pilar Pallarés, poeta, ensaísta, crítica literaria, docente, articulista e activista comprometida cos valores identitarios galegos.

Voz poética referente, renovadora e senlleira desde as primeiras publicacións a comezos da década dos 80; muller poeta auroral, pioneira presente nos novos camiños que cumpría abrir para a lírica galega tamén no acompañamento colectivo de procura de novos rexistros; escritora comprometida co seu tempo, quer desde a investigación para a reescrita da nosa propia historia, quer coa palabra forza para impulsar iniciativas sociais colectivas a prol da normalización lingüística, literaria e cultural, da xustiza social e a restauración da memoria de noso, quer desde a implicación activa como membro das directivas de diferentes colectivos e asociacións, entre as que cómpre destacar a propia AELG, onde ocupou unha vogalía entre o ano 1986 e 1988.

Asemade, esta asemblea acordou nomear Pilar Pallarés como Socia de Honra da AELG, en convivio de irmandade con aquelas outras figuras insignes da historiografía literaria galega recente que a precederon nas edicións anteriores: Avilés de Taramancos, Bernardino Graña, Manuel María, M^a Xosé Queizán, Xosé Neira Vilas, Uxío Novoneyra, Luz Pozo Garza, Xosé Chao Rego, Xosé Fernández Ferreiro, Salvador García-Bodaño, Pura Vázquez e Dora Vázquez, M^a do Carme Kruckenberg, Manuel Lourenzo, Xosé Vázquez Pintor, Agustín Fernández Paz, Marilar Aleixandre, Paco Martín, Xavier Rodríguez Baixeras, Marica Campo, Xabier P. Docampo, Xosé M^a Álvarez Cáccamo, Helena Villar Janeiro, Pilar García Negro e Nacho Taibo.

Como Secretaria Xeral da AELG dou fe co visto e praxe do Presidente.

*Mercedes Queixas
Auditorio do Centro Ágora
A Coruña, 29 de xuño de 2019*